



RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

Con data do 22.11.2019 tivo entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; solicitude que quedou rexistrada co número 2019/2358396 e que foi presentada por _____, en nome e representación

Ese mesmo día recibíuse na Axencia Turismo de Galicia a referida solicitude de información pública; data a partir da cal empeza a contar o prazo dun mes para a súa resolución, segundo o previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De acordo cos artigos 19.3 da citada Lei 19/2013 e 27.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, se a información solicitada pode afectar a dereitos ou intereses de terceiros, debidamente identificados, concederáselles un prazo de quince días para que poidan realizar as alegacións que consideren oportunas.

Unha vez analizada a solicitude, esta Axencia considerou que incorría no suposto establecido no parágrafo precedente, xa que o obxecto da solicitude de información pública consistía no acceso a determinada documentación obrante nun expediente de contratación (contrato de patrocinio publicitario asinado entre a Axencia Turismo de Galicia e _____

para a promoción do evento Xacobeo 2021), procedeuse a conceder trámite de alegacións

_____, con data do 26.11.2019, o que se lle notifica ao solicitante, suspendendo o prazo para resolver o procedemento.

Mediante escrito que tivo entrada nesta Axencia o 12.12.2019, data a partir da que debe entenderse levantada a suspensión acordada e se retoma o prazo para ditar resolución, en nome e representación



presentou alegacións á solicitude de información pública formulada nas que opoñía a conceder o acceso á información aos documentos denominados “Memoria justificativa” e “Oferta y mejora”, ao considerar que a dita información pode supoñer un prexuízo para os seus intereses comerciais e económicos, e para o compromiso de confidencialidade contractual requirido nos procesos de negociación e de toma de decisións referentes á organización do Festival.

Segundo o artigo 14 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, “*o segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial*” constitúen un límite ao dereito de acceso á información pública.

En consecuencia, **concédesse o acceso á información pública comprensiva dos seguintes documentos:**

- Prego de prescricións técnicas
- Prego de cláusulas administrativas particulares
- Resolución de adxudicación e documento de formalización

e denégase o acceso á información pública no relativo aos documentos de “Memoria justificativa” e “Oferta y mejora”, polos motivos expostos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

A directora de Turismo de Galicia

M^a Nava Castro Domínguez